


ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PAS

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG de 29 de setembro de 2021), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a Xunta Electoral de este Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo Conforme o establecido no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro(DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 membro do PAS**, dun total de 1 que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos os membros pertencentes ao Persoal de Administración e Servizos. O censo electoral a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14,00 horas do día 11 de novembro.
3. Son elegibles os membros do PAS que formulen a súa candidatura. **As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14,00 horas do citado día 11 de novembro.**
4. A mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, a Secretaria e o membro do PAS de maior idade, tal e como establece o art 47 do decreto 324/1996 de 26 de xullo (DOG de 9 de agosto)
5. A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 23 de novembro, de 16:10 a 16:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:00 horas.
7. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.
9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Xanceda, 3 de novembro de 2021
A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo: María Sanjurjo Moar

